

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E OS
CONCELLOS INCLUÍDOS NO PLAN ESTRATÉXICO DO SECTOR AGRARIO DA
LIMIA PARA A REPARACIÓN DE CAMIÑOS RURAIS (2ª FASE)**

En Santiago de Compostela, a 5 de Decembro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora de normas da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte,



José Antonio Feijoo Alonso actuando en nome e representación do Concello de Baltar na súa calidade de alcalde-presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Aquilino Valencia Salgado actuando en nome e representación do Concello de Calvos de Randín na súa calidade de alcalde-presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Susana Vázquez Dorado actuando en nome e representación do Concello de Porqueira na súa calidade de alcaldesa-presidenta, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Josefa Asunción Morgade Rúa actuando en nome e representación do Concello de Rairiz de Veiga na súa calidade de alcaldesa-presidenta, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Felipe Traveso García actuando en nome e representación do Concello de Sandiás na súa calidade de alcalde-presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Gumersindo Lamas Alvar actuando en nome e representación do Concello de Sarreaus na súa calidade de alcalde-presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.



Emilio José Pazos Ojea actuando en nome e representación do Concello de Trasmiras na súa calidade de alcalde-presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Manuel Conde Gómez actuando en nome e representación do Concello de Vilar de Barrio na súa calidade de alcalde-presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Elvira Lama Fernández actuando en nome e representación do Concello de Xinzo de Limia na súa calidade de alcaldesa-presidenta, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.



Todas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio, e para o efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural, na forma establecida no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

SEGUNDO.- De acordo coa Lei de bases de réxime local, os concellos exercen competencias propias no relativo ás infraestruturas viarias da súa titularidade.

TERCEIRO.- Os camiños rurais dos concellos incluídos no Plan estratéxico do Sector Agrario da Limia atópanse en mal estado de conservación, producíndose importantes interferencias no desenvolvemento da actividade agraria. Diste xeito no eixo 3 do dito Plan incorporouse unha medida específica para a mellora de camiños rurais denominada Plan Extraordinario de Infraestruturas Agrarias.



CUARTO.- A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural e considerando os resultados do proceso participativo para a elaboración do Plan estratéxico do sector agrario da Limia, determinou os seguintes criterios de selección e priorización dos camiños nos que compre actuar dentro do ámbito do Plan Estratéxico:

1. Seleccionaranse en primeiro lugar os camiños de ámbitos de concentracións parcelarias.
2. En segundo lugar seleccionaranse os camiños que dan acceso a un maior número de parcelas agrícolas ou a explotacións agrícolas ou gandeiras.
3. En terceiro lugar aqueles que teñan unha maior intensidade media diaria de vehículos agrícolas, segundo a información ou a experiencia dos concellos, ou aqueles tramos cunha lonxitude mínima de 100 m que se atopen en peores condicións.
4. Priorizaranse os camiños con firme de saburra fronte aos asfaltados.
5. Non se seleccionarán actuacións en camiños que se atopen en período de compromiso de mantemento das axudas do Plan de mellora de camiños de titularidade municipal xestionadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
6. Non se incluírán os tramos de camiños paralelos aos bordes das canles de drenaxe da antiga Lagoa de Antela.
7. Todos os camiños sinalados deben ser de titularidade municipal.

Os concellos incluídos no Plan Estratéxico remitiron as súas propostas de camiños a mellorar e logo de comprobar que cumprían os criterios de selección e logo de realizar unha priorización en base aos criterios establecidos, a Consellería do Medio Rural encargou a redacción dun proxecto de obra común para todos os concellos do Plan Estratéxico.

No ano 2021 executouse a primeira fase desta actuación mediante a execución do proxecto "Reparación de camiños nos concellos incluídos no plan extraordinario de Infraestruturas Agrarias 2021", mediante convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e os concellos implicados o 15 de novembro do 2021. Dita obra non puido ser rematada satisfactoriamente en todas as súas actuación previstas, debido fundamentalmente ás condicións climáticas e ao escaso prazo para a execución destas actuacións. Polo tanto solo poideron ser executadas e certificadas obras por un importe de 447.108,04 €, do total de 600.000 € inicialmente previstos

Polo que neste momento e reevaluadas as necesidades iniciais e polo que se fai necesario a execución do proxecto "Plan extraordinario mellora de camiños da Limia 2ª Fase", por un importe total de 550.690,23 € coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2022	184.011,08 €
Ano 2023	366.679,15 €

Nesta actuación non participan tódolos concellos da primeira fase, posto que se evaluou que nos concellos de Os Blancos, Vilar de Santos e Xunqueira de Ambia, as súas necesidades foron cubertas coa actuación levada a cabo no ano 2021.



QUINTO.- As partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego.

Os concellos incluídos no Plan Estratéxico consideran necesaria a execución da seguinte obra de infraestrutura rural "Plan extraordinario mellora de camiños da Limia 2ª Fase", con destino ao uso ou servizo público, sen que poidan acometer a súa execución por razóns orzamentarias. A Consellería do Medio Rural, no uso das súas competencias, coincide cos concellos no uso público da obra.

Xa que logo, as partes, ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas, recoñecendo capacidade para formularen o presente ACORDO DE COOPERACIÓN, conveñen na súa formulación, de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

É obxecto deste convenio a execución por parte da Consellería do Medio Rural das obras relativas ao "Plan extraordinario mellora de camiños da Limia 2ª fase", conforme ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Agrarias 2021 referenciado no anterior apartado 5, e destinadas ao uso público, conforme ao proxecto establecido.

Segunda.- Obrigas da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural asume a realización das obras sinaladas con cargo aos seus orzamentos, correspondéndolle en exclusiva a súa licitación ou encargo, tramitación e dirección.

O importe máximo que se destinará ás obras obxecto do presente convenio é de 550.690,23 €.

A diferenza entre o importe anterior e o que resulte do proceso de adxudicación quedará a disposición da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo das modificacións que foran necesarias que en ningún caso poderá superar o importe máximo sinalado no parágrafo anterior.



Terceira.- Financiamento

As obras serán financiadas con fondos propios. O financiamento será con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.551A.604.1 dos exercicios 2022 e 2023, e a distribución do importe total de 550.690,23 € será a seguinte:

Concellos	Orzamento máximo	Anualidade 2022	Anualidade 2023
Baltar	35.381,43 €	13.750,99 €	21.630,44 €
Calvos de Randín	40.438,03 €	14.935,14 €	25.502,89 €
Porqueira	88.186,88 €	28.433,63 €	59.753,25 €
Rairiz de Veiga	45.784,61 €	4.859,43 €	40.925,18 €
Sandiás	57.631,80 €	17.670,65 €	39.961,15 €
Sarreaus	77.346,39 €	29.318,36 €	48.028,03 €
Trasmiras	52.172,77 €	41.308,01 €	10.864,76 €
Vilar de Barrio	45.436,18 €	18.657,45 €	26.778,73 €
Xinzo de Limia	103.539,64 €	15.077,42 €	88.462,22 €
Seg e Saúde	4.772,50 €		4.772,50 €
TOTAL	550.690,23 €	184.011,08 €	366.679,15 €

Cuarta.- Obrigas do Concello

Os concellos incluídos no Plan Estratéxico, en relación coas obras obxecto deste Acordo incluída no ámbito dos respectivos termos municipais, asumen as seguintes obrigas, segundo os acordos dos órganos municipais competentes adoptados con carácter previo á sinatura do convenio:

- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.
- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.



- Asumir -unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación das mesmas.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.
- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no proxecto, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito concello.



Asemade, deberá acreditar mediante certificación da súa Secretaría a efectiva dispoñibilidade dos terreos e a adecuación das obras á normativa urbanística así como, no seu caso, achegar copia dos permisos e autorizacións sectoriais necesarios para a execución da totalidade da obra.

Quinta.- Entrega das obras

Unha vez recepcionadas as obras pola Consellería, ésta deberá poñelo en coñecemento do Concello, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do Concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.

Sexta.- Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada pola directora xeral de Desenvolvemento Rural como representante da Consellería de Medio Rural e o alcalde ou alcaldesa como representante do Concello, ou persoas nas que deleguen.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

Sétima.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega, segundo o establecido na cláusula quinta, sen que poida exceder do máximo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público.

O anterior entenderase sen prexuízo de que o gasto que comporta para a Consellería se circunscriba aos exercicios orzamentarios reflectidos na cláusula terceira.



Oitava.- Resolución

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes, debendo, se é o caso, ser indemnizados os compromisos económicos orixinados até o momento da denuncia, á parte contraria.
- O incumprimento das cláusulas do Convenio e/ou as imposibilidades do seu desenvolvemento.
- O mutuo acordo das partes.

Novena.- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante "addenda" cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula segunda do convenio.

Décima.- Natureza

Este Convenio ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, quedando excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar, segundo o artigo 4 da citada lei.

Rexerase polas súas propias cláusulas e suplementariamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa de interpretalo, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable e suplementariamente serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.



Décimo primeira.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo segunda.- Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade, asínanse 10 exemplares do presente convenio

POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
O conselleiro,
José González Vázquez

POLO CONCELLO DE BALTAR
O alcalde,
José Antonio Feijoo Alonso

POLO CONCELLO DE CALVOS DE RANDÍN
O alcalde,
Aquilino Valencia Salgado

POLO CONCELLO DE PORQUEIRA
A alcaldesa,
Susana Vázquez Dorado

POLO CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA
A alcaldesa,
Josefa Asunción Morgade Rúa



POLO CONCELLO DE SANDIÁS
O alcalde,
Felipe Traveso García



POLO CONCELLO DE SARREAUS
O alcalde,
Gumersindo Lamas Alvar



POLO CONCELLO DE TRASMIRAS
O alcalde,
Emilio José Pazos Ojea

POLO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO
O alcalde,
Manuel Conde Gómez

POLO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA
A alcaldesa,
Elvira Lama Fernández

